



PARABÉNS A CARLOS SOLLA, RECOÑECIDO CO PREMIO CIDADE DE PONTEVEDRA 2015

Desde a Asociación Pola Defensa da Ría queremos parabenizar a Carlos Solla, premiado na edición deste ano dos Premios Cidade de Pontevedra a proposta das e dos compañeiros de Vaipolorío.

Consideramos este un recoñecemento moi xusto a un veciño da nosa cidade destacado desde hai anos polo seu compromiso social. Carlos Solla é unha persoa entregada á defensa do medio ambiente e da cultura inmaterial e material do noso pobo, e empeñado especialmente no rexurdimento da terra onde están as súas orixes (e as de tantas/os pontevedresas/es máis), Cerdedo e a Terra de Montes, a comarca onde nace o río Lérez e, por tanto, a Ría de Pontevedra.

Carlos é un amigo e colaborador da APDR, unha persoa implicada na loita pola recuperación da Ría e, en consecuencia, contra a presenza en Lourizán do complexo industrial contaminante Ence-Elnosa. Aproveitamos esta ocasión para lle agradecer o seu apoio, sempre desinteresado e xeneroso.

As persoas que conformamos a APDR alegrámonos deste premio e estamos certas de que no futuro o compromiso e o traballo de Carlos Solla serán merecedores de novos recoñecementos mais, sobre todo, de que axudarán a conseguir vitorias da xente do común fronte aos intereses dos poderosos.

Xunta Directiva da APDR

Pontevedra, 13 de Xaneiro de 2016